PLE-B1.2	6º-PLEB1.2 - Comprende mensaxes e anuncios públicos que conteñan instrucións, indicacións ou outro tipo de información (por exemplo, números, prezos, horarios, nunha estación ou nuns grandes almacéns).	*** Extrae información dun texto escrito para poder completar gran parte dun cuestionario proposto	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas.</p>	CCL CAA
PLE-B1.2	6º-PLEB1.3 - Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos).	***Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais.</p>	CCL CAA CSC
PLE-B1.3	6º-PLEB1.4 - Identifica o tema dunha conversa cotiá predicible que ten lugar na súa presenza (por exemplo, nunha tenda, nun tren).	Recoñece comprensivamente as palabras e frases traballadas ao longo do curso dentro dunha situación simulada, vídeo ou xogo cunha comprensión global da acción narrada suficiente para completar o 60 por cento dos exercicios propostos.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas.</p>	CCL CAA CSC
PLE-B1.3	6º-PLEB1.5 - Entende a	*** Recoñece comprensivamente	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos</p>	CCL CAA

	información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar.	as palabras e frases traballadas ao longo do curso dentro dun texto cunha comprensión global da acción narrada suficiente para contestar preguntas varias sinxelas.				alumnos/as. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas.	CSC
PLE-B1.4	6º-PLEB1.6 - Comprende as ideas principais de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese (por exemplo, música, deporte etc.), a condición de que conte con imaxes e ilustracións e se fale de maneira lenta e clara.	***Recoñece as palabras e frases traballadas a longo do curso nunha presentación sinxela e significativa dun vídeo, audición, mestre ou auxiliar apoiado por imaxes e ilustracións.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais.	CAA
PLE-B1.4	6º-PLEB1.7 - Comprende o sentido xeral e o esencial e distingue os cambios de tema de programas de televisión ou doutro material audiovisual e multimedia dentro da súa área de interese (p. e. nos que se entrevista a mozos e mozas ou personaxes coñecidos ou coñecidas sobre	*** Recoñece comprensivamente as palabras e frases traballadas ao longo do curso dentro dunha presentación simulada, procedente de vídeo cunha comprensión global da acción narrada suficiente para completar gran parte das preguntas propostas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Entrevista.	CCL CAA

	temas cotiás (por exemplo, o que lles gusta facer no seu tempo libre) ou nos que se informa sobre actividades de lecer (teatro, cinema, eventos deportivos etc.).						
--	---	--	--	--	--	--	--

Bloque 2: Producións de textos orais

PLE-B2.1	6º-PLEB2.1 - Fai presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiás ou do seu interese (presentarse e presentar a outras persoas; dar información básica sobre si mesmo, a súa familia e a súa clase; indicar as súas afeccións e intereses e as principais actividades do seu día a día; describir brevemente e de maneira sinxela a súa habitación, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa, ou un obxecto; presentar un tema que lle interese (o seu grupo de música preferido); dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa	*** Elabora frases sinxelas con pronuncia comprensible, para facer unha presentación propia, do lugar onde vive e actividades que lle gustan...segundo a metade dos esquemas gramaticais traballados na aula.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Textos escritos.</p>	CCL CAA
----------	--	---	---	---	---	--	---------

	opinión)usando estruturas sinxelas e cunha pronuncia e entoación comprensible.						
Bloque 3: Comprensión de textos escritos							
PLE-B3.1	6º-PLEB3.1 - Comprende instrucións, indicacións, e información básica en notas, letreiros e carteis en rúas, tendas, medios de transporte, cinemas, museos, colexios, e outros servizos e lugares públicos	***Comprende información básica escrita en notas, carteis, tendas e outros lugares públicos traballada previamente de forma oral		X		<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas.</p>	CCL CAA
PLE-B3.2	6º-PLEB3.2 - Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menú, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios, guías telefónicas, publicidade, folletos turísticos, programas culturais ou de eventos etc.	*** Extrae información dun texto escrito: en material informativo sinxelo como menú, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios, guías telefónicas, publicidade, folletos turísticos, programas culturais ou de eventos etc. para poder levar a cabo gran parte do traballo proposto.		X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas.</p>	CCL CAA
PLE-B3.2	6º-PLEB3.3 - Comprende correspondencia (SMS, correos electrónicos, postais e tarxetas) breve e sinxela que trate sobre	*** Extrae información dun texto escrito de correspondencia (SMS, correos electrónicos, postais e tarxetas) breve e sinxela que trate sobre temas significativos.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas.</p>	CCL CAA

	temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar, a indicación da hora e o lugar dunha cita etc.						
PLE-B3.3	6º-PLEB3.4 - Comprende o esencial e os puntos principais de noticias breves e artigos de revistas para mozas e mozos que traten temas que lle sexan familiares ou sexan do seu interese (deportes, grupos musicais, xogos de ordenador).	*** Extrae información dun texto escrito: de noticias breves e artigos de revistas para mozas e mozos que traten temas que lle sexan significativos (deportes, grupos musicais, xogos de ordenador).	X	X		<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas.</p>	CCL CAA
PLE-B3.3	6º-PLEB3.5 - Comprende o esencial de historias breves e ben estruturadas e identifica os e as personaxes principais, a condición de que a imaxe e a acción conduzan gran parte do argumento (lecturas adaptadas, cómics etc.).	*** Recoñece comprensivamente as palabras e frases traballadas ao longo do curso dentro dun texto breve ou xogo cunha comprensión global da acción narrada suficiente para completar a meirande parte dos exercicios propostos.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Traballo de aplicación e síntese.</p>	CCL CAA
PLE-B3.4	6º-PLEB3.6 - Emprega de forma axeitada os signos ortográficos básicos (p. e. punto, coma), así como	*** Emprega habitualmente de forma axeitada os signos ortográficos básicos (p. e. punto, coma), así como símbolos de uso frecuente (p. e. ?, @, ?).	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Textos escritos.</p>	CCL

	símbolos de uso frecuente (p. e. ?, @, ?).						
Bloque 4: Producción de textos escritos							
PLE-B4.1	6º-PLEB4.1 - Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais (por exemplo, para rexistrarse nas redes sociais, para abrir unha conta de correo electrónico etc.).	*** Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais que conteña o seu nome, dirección, afeccións, rutinas diarias e-mail e data de nacemento.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas.</p>	CCLCD CAA
PLE-B4.7	6º-PLEB4.2 - Escribe correspondencia persoal breve e simple (mensaxes, notas, postais, correos, chats ou SMS) na que dá as grazas, felicita a alguén, fai unha invitación, dá instrucións, ou fala de si mesmo/a e da súa contorna inmediata (familia, amigos e amigas, afeccións, actividades cotiás, obxectos e lugares) e fai preguntas relativas a estes temas.	*** Elabora frases sinxelas relacionadas cos seus datos persoais, na que dá as grazas, felicita a alguén, fai unha invitación, dá instrucións, ou fala de si mesmo/a e da súa contorna inmediata (familia, amigos e amigas, afeccións, actividades cotiás, obxectos e lugares) e fai preguntas relativas a estes temas, según esquemas gramaticais traballados na aula e con apoio docente.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas.</p>	CCL CDCAACSC
Bloque 5: Coñecemento da lingua en consciencia intercultural							
PLE-B5.1	6º-PLEB5.1 - Entende a información esencial en conversas breves e	Entende a información esencial en conversas breves, sinxelas e significativas.				<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.</p>	CCL CAA CSC

	sinxelas nas que participa que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou dun lugar.					INSTRUMENTOS: Posta en común.	
PLE-B5.2	6º-PLEB5.2 - Desenvólvese en transaccións cotiás (p. e. pedir nunha tenda un produto e preguntar o prezo).	Expresa cunha pronunciación comprensible as frases necesarias para comunicar situación practicadas e preparadas na clase.		X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese.	CCL CAA CSC
PLE-B5.3	6º-PLEB5.3 - Participa en conversas cara a cara ou por medios técnicos (teléfono, Skype) nas que se establece contacto social (dar as grazas, saudar, despedirse, dirixirse a alguén, pedir desculpas, presentarse, interesarse polo estado de alguén, felicitar a alguén), se intercambia información persoal e sobre asuntos cotiás, se expresan sentimentos, se ofrece algo a alguén, se pide prestado algo, queda con amigos e amigas ou se dan instrucións (p. e. como se chega a un sitio con	*** Expresa cunha pronunciación comprensible as frases necesarias en roleplays practicadas e preparados na clase			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Xogos de simulación e dramáticos.	CCL CD CSC

	axuda dun plano).						
PLE-B5.4	6º-PLEB5.4 - Participa nunha entrevista, p. e. médica nomeando partes do corpo para indicar o que lle doe.	Expresa cunha pronunciación comprensible as frases necesarias nunha entrevista practicadas e preparadas na clase.		X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Xogos de simulación e dramáticos.</p>	CCL CSC
PLE-B5.5	6º-PLEB5.5 - Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas.	Identifica as principais festividades do Reino Unido e América comparándoa coas propias e amosando unha actitude respetuosa.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Posta en común.</p>	CCL CAA

5.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

A Lei Orgánica 8/2013, no seu artigo 6, mantén a metodoloxía dentro dos elementos do currículo e establece que “comprende tanto a descrición das prácticas docentes como a organización do traballo dos docentes.” O Decreto 105/2014 defínea como “o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de maneira consciente e reflexiva, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos expostos”. Ademais, no seu art. 15, tras destacar o carácter esencial deste elemento curricular, establece uns principios metodolóxicos aplicables ao conxunto da etapa, unhas orientacións metodolóxicas, xerais e específicas para toda a etapa e áreas, destacando a atención á diversidade, atención individualizada, posta en práctica de mecanismos de reforzo e o emprego dunha metodoloxía comunicativa, inclusiva, activa, participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa Programación anual, resolución de problemas en contextos da vida real, integrando distintas experiencias e aprendizaxes, promovendo o traballo colaborativo e favorecendo a capacidade de aprender.

A metodoloxía didáctica a empregar na área de inglés estará adaptada ás diferentes necesidades e intereses do alumnado. Nos primeiros cursos estará centrada na comprensión e expresión oral apoiada con os recursos non verbais necesarios. A partir de 3º se comezará coa aproximación á lingua escrita. Isto non quere dicir que 1º e 2º a linguaxe escrita non estea presente na aula pero non será un estándar prioritario a traballar nin a avaliar..

A metodoloxía a empregar deberá ser motivadora, lúdica e significativa para o alumnado e contará cunha diversidade de materiais adaptados os distintos ritmos de aprendizaxe. Realizaranse proxectos así como diversos traballos voluntarios sobre todo nos cursos máis elevados.

A aprendizaxe significativa realizarase por medio de actividades que ofrezan a simulación de contextos da vida real para poder adquirir unha competencia comunicativa adecuada para a vida real. Traballarase por tarefas facendo que o alumnado sexa o centro do proceso de ensino/aprendizaxe. Proponse un método natural da adquisición da lingua, un proceso significativo e contextualizado tendo en conta as necesidades e intereses do alumnado.

A ensinanza dunha lingua significa o dominio das competencias que poñen o alumno/a en condicións de comunicarse con ela. Polo tanto o noso obxectivo preferente é lograr un alto grao de comunicación tanto oral coma escrita; de calquera xeito, non convén descoidar o esforzo gradual das estruturas gramaticais básicas e do vocabulario esencial, que debería ser reproducido

oralmente e por escrito por cada un dos nenos e nenas. A adquisición das 4 destrezas lingüísticas: speaking, listening, reading e writing se traballarán de xeito integrado e en situacións comunicativas reais coa axuda da nosa auxiliar de conversa. A adquisición da competencia comunicativa será o obxectivo principal desta programación. Fomentarase o factor cultural para favorecer a tolerancia, conciencia social e cultural respecto polos demais. En todos os cursos se empregarán as Tecnoloxías da Información e Comunicación, xa que son un elemento moi motivador para o alumnado.

A metodoloxía estará dirixida a conseguir que a aprendizaxe da lingua estranxeira teña unha finalidade práctica enfocada a que o alumnado poida aplicar os seus coñecementos no mundo real. Para isto están programadas en 5º e 6º sesións orais en grupos pequenos que se levarán a cabo coa axuda da auxiliar de conversa e incluírán temas do interese do alumnado.

Incluíranse actividades en lingua inglesa relacionadas con outras áreas para que o alumnado adquira contidos noutras disciplinas á vez que desenvolve as súas destrezas comunicativas en inglés.

Dentro das concrecións metodolóxicas hai que ter en conta o protocolo a seguir no caso da posible suspensión de clases presenciais ou da atención ó alumnado en corentena por mor da COVID 19.

En 1º e 2º usarán un Site como medio de acceso á todo o traballo realizado ó longo do curso.

En 3º e 4º usarán a Aula Virtual como plataforma para poder acceder ás tarefas propostas.

En 5º e 6º dispoñen de acceso á plataforma E-Dixgal para seguir as propostas da clase de inglés.

Dende o comezo do curso irase formando ó alumnado no uso das distintas plataformas que vaian usar. Cada aula disporá dun correo electrónico de contacto tanto coas titoras como cos distintos especialistas que impartan clase no seu curso. Usarase en todo o centro o programa Abalar para que as familias dispoñan das distintas informacións enviadas.

No caso de que algún alumno/a sexa posto en corentena o traballo diario lle será enviado por correo electrónico no que se lle explicará a tarefa proposta e o lugar da plataforma a usar donde o pode atopar.

Seguirase o currículo programado tanto de maneira semipresencial como non presencial, adaptándose sempre ás circunstancias do alumnado

Mediante a aplicación Webex realizaranse reunións virtuais tanto coas familias como cos nenos/as que teñan que pasar por unha posible corentena.

Ó igual que pasou no curso anterior intentarase que todas as familias dispoñan de conexión a Internet e dos recursos necesarios para acceder ós distintos materiais

6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Ó non contar cun espazo destinado a impartición do inglés a mestra irá as distintas clases respectando así as aulas burbullas formadas. Deste xeito, evitarase o movemento do alumnado polo centro evitando así o risco de contaxio por mor da situación provocada pola COVID19.

Os materias e recursos utilizados serán na maior parte interactivos debido a actual situación sanitaria.

O uso da pizarra dixital é un dos recursos máis utilizados na clase de inglés pola súa motivación e facilidade para presentar as clases. Nas aulas Abalar (5º e 6º) dispoñemos dos libros dixitais que nos ofrecen as distintas editoriais.

Este material usarase como apoio xa que nas aulas creamos o noso propio material.. Ademáis, a pizarra dixital, ás veces, sírvenos como medio para buscar información.

Todos os materiais do alumnado que describo seguidamente reforzan o proceso de ensino-aprendizaxe:

- Fichas de traballo, reforzo ou ampliación.
- Recursos para a avaliación.
- Audios e vídeos en lingua inglesa.
- Libros de lectura .
- Recursos educativos en Internet (busca de imaxes, información, selección e organización para transformar estes elementos en coñecemento).
- Ordenadores en grupos estables e portátiles individuais en 5º e 6º.
- Materiais funxibles tales como flashcards
- Material manipulable e experimental propio da área.
- Xogos de mesa

Todo os materias de uso común serán desinfectados previamente para o seu uso.

No noso centro non se utiliza o libro de texto polo que a maioría dos materiais utilizados serán creados pola mestra ou polo alumnado. Este material, tanto en formato papel como dixital (5º e 6º) permitirá a divulgación e consolidación do aprendido.

7.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

O alumnado será avaliado atendendo ós estándares de aprendizaxe establecidos polo *Decreto 105/2014*, que especifican os criterios de avaliación nel recollidos, para cada un dos cursos de Educación Primaria na Área de Lingua Estranxeira.

A avaliación é un proceso e, como tal, vaise concretar en diferentes momentos que, a súa vez, concréntanse en diferentes tipos de avaliación que proporcionan información necesaria para a toma de decisións sobre o proceso de ensino-aprendizaxe.

Seguindo a orde do 9 de Xuño do 2016, a avaliación será inicial, formativa e acumulativa, tendo en conta diferentes procesos como proxectos, traballo en equipo, actitude na aula, traballo diario e demais. A avaliación será continúa valorando a evolución do alumnado, da práctica educativa e do desenvolvemento da programación. Ao longo das distintas sesións recolleranse datos que axuden a coñecer o grao de consecución dos obxectivos propostos tendo en conta os estándares de avaliación establecidos para cada curso.

Levarase a cabo unha avaliación inicial que proporcione información do punto de partida dos alumnos no inicio do curso escolar e permita valorar os coñecementos previos que se teñen sobre cada un dos aspectos avaliados establecendo se son suficientes, se deben mellorar ou se descoñecen.

Os procedementos e instrumentos cos que se levará a cabo a avaliación serán:

- Observación diaria, directa e sistemática do alumnado tomando notas sobre o traballo realizado e o comportamento e actitude tanto individual como en equipo. Empregaranse listaxes de control, diario de aula e rexistro anecdótico.

Con isto levaremos un control dos estándares traballados así como de aqueles aspectos que poidan levar a unha modificación das actividades programadas. Este control servirá como base para a elaboración da programación do seguinte curso modificando os aspectos que non axudaron a acadar os resultados esperados. Ó longo das diferentes sesións recolleranse datos que permitan establecer o grao de consecución dos obxectivos propostos tendo en conta os estándares de avaliación establecidos para cada un dos cursos nos diferentes trimestres.

- Análise das producións orais do alumnado (orais nos primeiros cursos e orais e escritas nos cursos superiores).
- Rexistros donde recoller datos sobre a consecución dos obxectivos.
- Intercambios e preguntas orais: Diálogos en equipo, debates, postas en común e valoración das realizacións propias.

- Probas específicas: probas obxectivas, probas abertas, cuestionarios, exposicións, resolución de exercicios...

Para levar a acabo a avaliación, se terán en conta os seguintes criterios:

1º e 2º de Educación Primaria:

- Interaccións orais (diálogos, pregunta-resposta, presentacións etc.): 60%
- Conduta persoal, esforzo e interese no traballo escolar: 20%
- Participación e cooperación no traballo en equipo: 20%

3º, 4º de Educación Primaria:

- Interaccións orais (diálogos, pregunta-resposta, presentacións etc.): 30%
- Actividades escritas breves e sinxelas: 30%
- Conduta persoal, esforzo e interese no traballo escolar: 20%
- Participación e cooperación no traballo en equipo: 20%

5º e 6º de Educación Primaria:

- Probas escritas sobre as 4 destrezas (listening, speaking, reading and writing) : 30%
- Interaccións orais (diálogos, pregunta-resposta, presentacións etc.): 30%
- Conduta persoal, esforzo e interese no traballo escolar: 20%
- Participación e cooperación no traballo en equipo: 20%

O alumno accederá ó curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos correspondentes o seu curso ou etapa e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes e un adecuado grao de madurez persoal, académica e so

8.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

A Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa Educación Primaria na CC.AA de Galicia no seu artigo 2.3 sinala “Os mestres e as mestras avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente, para o cal establecerán indicadores de logro nas programacións docentes.”

A valoración dos seguintes aspectos contribuirá a reflexionar sobre a nosa práctica docente, e, así tomar as decisións e medidas oportunas.

Á hora de avaliar o proceso de ensino e a práctica docente teremos en conta os seguintes indicadores:

• APRENDIZAXES ACADADAS:

- O alumnado acadaron a consecución dos distintos estándares e competencias clave.
- O alumnado estivo motivado coas propostas realizadas e conseguiu a súa participación activa.

• PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN:

- As ferramentas de avaliación foron axeitadas e axudaron á mellora do alumnado.
- As porcentaxes designadas fon as adecuadas.
- Usáronse estratexias de autoavaliación e coevaluación.
- Proporciouse ó alumnado un feedback da evolución do seu proceso de aprendizaxe.

• **DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN:**

- A duración das unidades foi a correcta.
- A metodoloxía, actividades propostas, recursos... estiveron adaptadas ás características do alumnado tendo en conta a diversidade do grupo e respectou os diferentes ritmos de aprendizaxe.
- Planificouse adecuadamente os espazos, tempos, agrupamentos e propostas.
- A secuenciación dos estándares axudou a súa adquisición.
- Foi necesaria modificar a programación.

• **ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

- Os materias e actividades foron adaptados tendo en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe.
- Os agrupamentos dos distintos equipos facilitaron a participación de todo o alumnado.
- As adaptacións curriculares levadas a cabo foron correctas.

• **CLIMA DE TRABAJO NA AULA:**

- O traballo nos distintos equipos foi axeitado.
- Os reforzos positivos xeraron máis motivación.
- O uso de certos materiais ou propostas melloraron a atención.

• **COORDINACIÓN E RELACIÓNS:**

- A coordinación coa auxiliar de conversa facilitou a motivación do alumnado.
- A coordinación coas titoras e especialistas de cada grupo foi a axeitada.
- Fomentouse a implicación e participación das familias na vida escolar.
- Usáronse distintos medios de información ás familias.
- O clima da aula facilitou a boa relación do alumnado.

• **USO DE MEDIOS TELEMÁTICOS:**

- O uso da aula virtual e Abalar dende casa foi o esperado.
- Utilizáronse as TIC con efectividade.
- O alumnado foi autónomo á hora de usar os medios telemáticos empregados en cada aula.

9.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Atendendo ó establecido pola Orde do 9 de xuño de 2016, a comezo de curso realizarase unha avaliación inicial co obxectivo de diagnosticar o nivel de coñecementos do alumnado e as posibles dificultades, así como as súas motivacións, expectativas e intereses. Isto servirá como punto de referencia para o desenvolvemento do currículo na programación anual. Esta poderá adaptarse ás características concretas dos alumnos/as, así como a adopción das medidas ordinarias ou extraordinarias que se consideren oportunas para cada alumno/a. Será a observación directa e a toma de notas dos distintos rexistros a técnica máis usada para valorar o grao de consecución das competencias clave e coñecementos previos do alumnado. Toda esta información axudará a establecer as distintas medidas a adoptar en canto a apoios ou reforzos se refire.

Esta avaliación incluírá a análise dos informes do curso anterior así a información obtida polos titores de cada curso. Ó comezo do curso farase unha revisión dos contidos do curso anterior con actividades maioritariamente orais para obter a información necesaria dos coñecementos previos do alumnado.

10.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A lei orgánica 8/2013 sinala no seu preámbulo que a atención á diversidade é un principio fundamental que debe rexer toda a ensinanza básica, co obxectivo de proporcionar a todo o alumnado unha educación adecuada ás súas características e necesidades.

O *decreto 105/2014* establece que as escolas desenvolverán e completarán, se é necesario, o currículo e as medidas de atención a diversidade, adaptándoas ás características dos alumnos e a realidade educativa do centro, co propósito de incluír a todo o alumnado.

O *decreto 229/11* regula a atención a diversidade en Galicia, e a Orde do 27 de decembro de 2002 establece as condicións e criterios para a escolarización en centros públicos de alumnos con necesidades educativas especiais.

Está claro que a mesma acción educativa exercida sobre o mesmo grupo de alumnos ten efectos diferentes en función do coñecemento e experiencia previa de cada un deles, as súas capacidades intelectuais e os seus intereses e motivacións no ensino.

É por esta razón que, en moitos casos, debemos modificar ou adaptar contidos ou a metodoloxía para que todos os alumnos poidan alcanzar os obxetivos establecidos. Do mesmo xeito, debemos ofrecer actividades de extensión para aqueles alumnos máis capaces ou receptivos. A atención para a diversidade debe ser sempre realizada en ambas as direccións. Así, constantemente se deberá abordar estas diferenzas, presentando as mesmas actividades de xeitos diferentes das actividades propostas. Os mestres deben escoller a quen dirixir e propoñer algunhas actividades ou outras e deberán ser consciente en todos os momentos destas diferenzas, non só na hora de avaliar, senón tamén na hora de ensinar e planificar o proceso de ensino-aprendizaxe. Usarase polo tanto unha metodoloxía que teña en conta o diferente ritmo de aprendizaxe de cada alumno e que favoreza a capacidade de traballo en equipo e a competencia de aprender a aprender.

Con estes documentos en mente, estas son as medidas postas en marcha na materia de inglés para atender a diversidade:

No mes de setembro farase a avaliación inicial para ter en conta as posibles necesidades educativas do alumnado. Debido ó diferente ritmo de aprendizaxe, as actividades intentarán, na medida do posible, permitir respostas con diferentes niveis de complexidade, e sempre haberá actividades de reforzo e extensión alumnos que rematen antes que os outros. Isto facilítase pola nosa metodoloxía de traballo en equipos cooperativos.

Sé fóra necesario levar a cabo unha adaptación curricular esta se centrará en:

1. Tempo e ritmo de aprendizaxe
2. Metodoloxía máis personalizada
3. Reforzar as técnicas de aprendizaxe
4. Mellorar os procedementos, hábitos e actitudes
5. Aumentar a atención orientadora
6. Enriquecemento curricular
7. Avaliacións adoptadas para as necesidades destes alumnos

11.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias.

Estes elementos transversais, a traballar a través das diferentes áreas, poden indicarse citando os estándares concretos das diferentes áreas relacionados.

O currículo fala exactamente, entre outras, de “ A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa. “Participase con diversas actividades que se propoñan dende o equipo de biblioteca, tratándose de forma destacada no día da paz con cancións e textos nos que se analiza e levase aos nenos/as a reflexión sobre as relacións persoais, o respecto e a resolución de conflitos. Deste xeito contríbuese ao Plan de convivencia.

12.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

As actividades complementarias e extraescolares contribúen de forma importante ao desenvolvemento integral da personalidade do alumnado e constitúen un campo específico para a iniciativa e a capacidade de organización do Centro. Os alumnos/as participan activamente mediante a lingua inglesa en distintas celebracións e conmemoracións:

- Traballan con cancións e actividades culturais a celebración de Halloween, comparándoa co Samaín galego tamén celebrado no colexio.
- No Nadal traballan aspectos da cultura anglosaxona e americana mediante cancións e actividades sobre a cultura estranxeira.
- Tamén se familiariza ó alumnado con festividades tales como St. Patrick's Day e Acción de grazas.
- Como actividades complementarias e extraescolares está a preparación de distintas escenificacións de cancións para os distintos festivais escolares sempre e cando o permita a actual situación sanitaria.
- Tamén a integración da lingua estranxeira nas actividades propostas polo centro como saídas e conmemoracións programadas no PEC, así como no Plan Proxecto de Cinema en Curso co alumnado de sexto de Primaria.

13.- APLICACIÓN DOS PLANS E PROXECTOS DE CENTRO

O fomento da lectura constitúe un elemento fundamental para o desenvolvemento das competencias básicas. É por iso que a área de Lingua Estranxeira está comprometida co Proxecto Lector do centro. Como aplicación deste plan, dado que na ensinanza da lingua estranxeira na etapa de Educación primaria primase a forma oral da lingua, as actividades relacionadas co proxecto lector refírense sobre todo á estimulación do gusto pola lectura mediante a escoita e representación de contos. Integrárase a lectura de textos significativos en moitas das actividades realizadas na aula. En 5º e 6º realizaranse postas en común dos textos creados polos alumnos para potenciar a comprensión lectora e a pronuncia axeitada.

Respecto ao Plan de introdución das TIC, é importante mellorar a competencia dixital do alumnado. Empréganse recursos dixitais a diario na clase, tanto para as explicacións, como para a realización de actividades, xogos, vídeos...

O ordenador e a pizarra dixital forma parte da maioría das sesións da área de inglés xa que se trata dun recurso moi útil para mostrar contidos audiovisuais ao alumnado. O emprego de Internet, as distintas plataformas usadas en cada curso (blogs, Aula Virtual, Abalar...) e o portal do centro é totalmente necesario para o desenvolvemento do curso. Destacar que o alumnado de 5º e 6º ó estar no Proxecto E-Dixgal teñen cada un o seu portátil e dispón de libros dixitais que complementan e enriquecen os materiais en formato papel.

Con respecto ó Plan de Convivencia preténdese a participación do alumnado nas distintas actividades realizadas no centro para fomentar a tolerancia, respecto e solidariedade. A educación para a convivencia persegue o benestar da comunidade educativa e o desenvolvemento persoal e social do alumnado.

Na clase de inglés isto está presente nos distintos equipos que conforman a aula e nas distintas postas en común que se dan en moitas das sesións levadas a cabo. Trabállanse as competencias socio-emocionais, que persegue a mellora do clima de convivencia na aula, a resolución de conflitos, a empatía... mediante a realización de tarefas cooperativas nas que prima o consenso entre os membros do equipo.

Con respecto ó Proxecto Lingüístico dende a área de inglés foméntase o respecto por outras linguas e culturas. Comparamos a nosa cultura coa anglosaxona ou americana (a nosa auxiliar é estadounidense) observando as similitudes e diferenzas entre elas.

Con respecto á Educación en Valores debemos impulsar no noso alumnado unha actitude tolerante e respectuosa. Para isto na área de inglés traballaranse os seguintes obxectivos:

- Coñecer sentimentos e emocións en relación cos demais.
- Aceptar normas de convivencia.
- Utilizar a lingua como destreza para a convivencia, o respecto e o entendemento.
- Desenvolver actitudes de diálogo e de resolución de conflitos.
- Desenvolver hábitos de comportamento responsables.
- Aprender a comunicarse cos demais e comprender o que estes transmite
- Traballar en equipo, aprendendo a aceptar outros puntos de vista distintos do propio.
- Desenvolver habilidades sociais, como o diálogo e o traballo en equipo.
- Comprender a realidade social na que se vive e ser tolerante.
- Autonomía e iniciativa persoal e competencia emocional.
- Fomento e adquisición e a interiorización de bos hábitos.
- Elixir con criterio propio.

Estes obxectivos integraranse no día a día das clases de inglés, e fomentaranse en actividades como debates ou traballos en equipo. Ademais, participarán en actividades culturais como Halloween, o día de Acción de Grazas, o día da Paz, o Nadal... ocasións moi valiosas para fomentar valores positivos.

14.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

A adecuación da programación será avaliada atendendo a distintos aspectos:

- Mediante o diario de aula resumirase os estándares traballados así como todos aqueles aspectos reseñables que podan levar a unha modificación e mellora das actividades programadas.
- Valoraranse os resultados das avaliacións así como o nivel de competencia en lingua inglesa, traballo diario, traballo en equipo, motivación, conduta e autonomía.
- Valorarase a correcta distribución dos tempos na impartición das clases.
- Valorarase a calidade e impacto das actividades no alumnado así como a adecuación á súa idade e nivel.
- Engadiránse, e modificaránse actividades e obxectivos relacionados cos novos proxectos realizados a nivel de centro, que se van modificando anualmente.

Todo isto se revisará para telo en conta a hora de facer a programación do ano seguinte, modificando aquilo que non acadou os resultados esperados.